

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****PORTOS DE GALICIA**

RESOLUCIÓN do 24 de outubro de 2023 pola que se aproba o documento da delimitación dos espazos e dos usos portuarios dos portos de Mugardos e do Seixo (Mugardos, A Coruña).

A Área de Explotación e Planificación Portuaria da entidade pública empresarial Portos de Galicia redactou o documento da delimitación dos espazos e dos usos portuarios (DEUP) dos portos de Mugardos e do Seixo, instalacións portuarias situadas no termo municipal de Mugardos, na provincia da Coruña, e adscritas á entidade pública para a súa xestión.

Este documento foi redactado e tramitado de acordo co disposto no artigo 52 da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia (*Diario Oficial de Galicia* número 236, do 14 de decembro).

Na reunión do Consello Reitor de Portos de Galicia, que tivo lugar o día 16 de outubro de 2023, este acordou dar a súa conformidade á proposta da DEUP dos portos de Mugardos e do Seixo, así como elevala e propoñela para a súa aprobación a través da Consellería do Mar.

Unha vez visto o informe da xefa da Área de Explotación e Planificación Portuaria de Portos de Galicia do 9 de outubro de 2023 sobre o trámite da proposta da DEUP, que conta coa conformidade do director da entidade pública empresarial do 10 de outubro de 2023, así como o acordo do seu consello reitor do 16 de outubro de 2023, dando a conformidade á proposta da DEUP dos portos de Mugardos e do Seixo e elevándoa e propoñéndoa para a súa aprobación, a Presidencia da entidade pública empresarial Portos de Galicia, por delegación do conselleiro do Mar conferida pola Orde do 15 de marzo de 2022 pola que se modifica a Orde do 21 de febreiro de 2022,

RESOLVE:

Aprobar o documento da delimitación dos espazos e dos usos portuarios dos portos de Mugardos e do Seixo (Mugardos, A Coruña), datado en decembro de 2020 e asinado polos enxeñeiros de camiños, canais e portos Sara Calvo Fernández e Ana Mansilla Piñón,



como autoras, Andrés D. Cervantes Refojos, como xefe do Departamento de Planificación Portuaria de Portos de Galicia, e Ana Isabel Calzadilla Bouzón, como xefa da Área de Explotación e Planificación Portuaria de Portos de Galicia.

Santiago de Compostela, 24 de outubro de 2023

José Antonio Álvarez Vidal
Presidente de Portos de Galicia

CVE-DOG: lwbzpxk5-dpx4-1je0-8kp5-faos3qa6mxw6

